

**"Ponteareas no tempo"
no calendario 2026**

Páxina 4

**Ponteareas na Rede
de Cidades Amigas
para Maiores**

Páxina 5

**Especial Cabalgata
de Reis 2026**

Páxinas 6 e 7

**"A Cañiza, Capital
do Xamón"**

Páxina 9

**Axudas ás
Comunidades de Augas
do Condado Paradanta**

Páxina 10

**Balneario mellora a
súa Praza de Abastos**

Páxina 10

**Faleceu "Kubala", o
cronista de Mondariz**

Páxina 10

**O Porriño reestrutura
o seu goberno**

Páxina 13

**Salceda busca
alternativas de
circunvalación**

Páxina 15



O HUB Audiovisual de Vigo busca ser o referente do noroeste peninsular

Primeira edición dos Premios Menina Sarmiento 2025

Páxina 3



Star days
Tú eres la estrella

pikolin LOS Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país
BOINSCON CENTER
euronics
Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

DEL 7 DE ENERO AL 2 DE MARZO 2026.
Rebajas
Hasta **60%**
Dto.

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



50 anos de liberdade

Di o refrán que se tes algo bo nas mans non intentes melloralo porque podes estragalo.

Isto é o que me pasa a min nestes momentos en referencia aos 50 últimos anos de liberdade. Teño nas mans un traballo resume sobre o tema do que vou extraer unha cantas ideas moito mellor expresadas a como eu podería ofrecerlles. Vamos que vou dedicarme a copiar o que non podo mellorar para que vdes. poidan disfrutar desta información mellor ordenada a como eu llela podería presentar. Imos lá, que dirían nos amigos do Val Miñor.

Para saber exactamente como nos cambiou a vida nos últimos anos o mellor é botar unha ollada a como estábamos hai 50 anos atrás e como estamos hoxe. Daquela España, e por extensión Galicia, era un País pobre, inculto e atrasado. Secuestrado por unha ditadura que non acababa de morrer. Franco finou no 75 e aínda tivemos que soportar varios anos para que as cousas comezaran a endereitarse.

Na dereita instalouse unha idea de España enfrontada a medio País, á que se volve chamar "antiespaña". Na esquerda, esa España excluínte provocou unha reacción, un complexo, unha desilusión. O modelo autonómico foi parte do éxito ao mesmo tempo que provocou unha resposta furibunda dos que confunden federalismo con debilidade nacional. Eses que tanto din querer a España, de apretala tan fortemente un día van escarallala.

Deixamos atrás un longo e accidentado camiño: sete presidentes do goberno pasaron pola Moncloa. Dende Adolfo Suárez a Pedro Sánchez: reconversión industrial, entrada na OTAN, cambio de moeda, folgas xerais, crecemento económico, novos partidos chegando ao ámbito político, o fin de ETA e a abdicación do rei Xoán Carlos.

Todos lembramos aquela noite do 28 de outubro do 1982 na que Felipe González e Alfonso Guerra saen ao balcón abraizados polos 10 millóns de votos e dun 48% do total. Felipe confesaría tempo despois que aquel día sentírase asustado polo que lle viña enriba. O slogan máis repetido de Felipe era "que España funcione". Xa daquela Fraga, que confesaba sentirse atlantista, aconsellaba a abstención á OTAN. A súa intención era que unha derrota trouxera a dimisión de Felipe González. Gañou o si



por un axustado 56%.

A fuxida de Luís Roldán e a condena de Mariano Rubio funden a imaxe do goberno de Felipe González e os populares con Aznar a cabeza superan aos socialistas en 290.000 votos. Na noite electoral Felipe exclamaba: "Nunca unha derrota fora tan doce e unha vitoria tan amarga. Pero por moi doce que fora, era unha auténtica derrota.

O PP tómake as cousas con calma e o seu buque insignia son as privatizacións das principais empresas do INI: Telefónica, Tabacalera, Endesa e Repsol. Algunhas delas van parar as mans dos amigos de Aznar. España entra no euro. Aznar parece ter colmadas as súas aspiracións pero o naufragio do Prestige e a catástrofe ecolóxica desnudan a un goberno que pensaba nada o ía tumbar.

Aznar séntese endiosado e mete a España na invasión de Iraq. En 2004, con Rajoy de candidato, o PP séntese vencedor pero o 11M cambia todo o panorama. España sofre o maior ataque terrorista da súa historia tres días antes das eleccións.

José Luís Rodríguez Zapatero entra na Moncloa sen ningunha experiencia de goberno. De entrada saca as tropas de Iraq. Fixo todo o que Felipe González non quixo ou non puido facer.

O PP enfrontase a Zapatero dunha maneira furibunda polas lei de memoria his-

tórica; era unha maneira de abrir feridas, din os populares. Nestes momentos aínda seguen co mesmo discurso. Pero a oposición ao goberno socialista faise mais forte cando Zapatero decide negociar con ETA, aínda que tempo atrás Aznar o intentara chamándolles Movemento de Liberación do País Vasco.

A burbulla inmobiliaria e a crise da débeda funden o goberno de Zapatero que perde o 38% dos votos. Mariano Rajoy recibe o Poder sen ter feito practicamente nada. O desemprego seguirá subindo ata o 26% no primeiro trimestre de 2013 e a débeda ao 100%.

O sistema autonómico era un dos logros desta nova España que saíu da Constitución do 1978. Todo descarrila cando o PP decide mandar tropas para parar o "procés". O Goberno do PP e os independentistas cataláns son dous trens á deriva condenados a un choque frontal en 2017. Rajoy decide mandar os antidisturbios para impedir un referéndum en Cataluña e o que consegue é que as cargas dos antidisturbios saian nas televisións de toda Europa. Puigdemont declara a independencia que dura oito segundos, ofrece unhas negociacións imposibles e foxe a Bélxica; outros como Oriol Junqueras quédanse para afrontar as consecuencias dos seus actos. O xuízo do procés no Tribunal Supremo non é suficiente para pechar esta historia. A partires dese

momento, Cataluña condiciona totalmente a política española ata estes momentos.

As eleccións de 2015 abren un novo capítulo da democracia española: desaparece o bipartidismo, o consenso do 78 xa é historia. As mobilizacións do 15M xa deran antes un toque de atención; a España real xa advertira á España oficial que xa non ha representaba en moitos asuntos. Nos comicios dous novos partidos, Podemos e Ciudadanos, reciben oito millóns e medio de votos e 109 escaños. Rajoy falou dunha moda e non estaba máis errado.

Igual que lle pasara a Felipe González a corrupción remata por darlle un golpe definitivo ao PP. Antes de chegar ao poder Rajoy intentou presentar ao seu partido como unha vítima, como fixera Felipe en 1995. "Esto no es una trama del PP sino una trama contra el PP", dicía Rajoy.

A moción de censura leva a Sánchez ao Poder. Solo vinte meses antes a carreira de Sánchez parecía morta e enterrada cando se viu obrigado a presentar a dimisión como líder do PSOE. Sánchez é dos poucos políticos que se reinventan a si mesmos en función da situación. Intenta unha maioría con Ciudadanos e fracasa. Mais tarde asume que so pode formar goberno con Podemos. A España que lle toca gobernar é moi diferente a dos anos oitenta. O pragmatismo dos tempos de González perde sentido. A partires de 2020 o Goberno navega a través das circunstancias excepcionais, como a pandemia ou os efectos económicos da invasión de Ucraína.

A extrema dereita deixa de ser a excepción europea. O seu maior capital é o rexeitamento da inmigración. Convértese na terceira forza política do País e socio indispensable para o PP se quere chegar ao Poder. O PP lánzase a unha ofensiva furiosa contra o Goberno socialista. Tamén o fixera contra Felipe González e Zapatero pero nesta ocasión declara que Pedro Sánchez é unha ameaza real para a democracia. A sociedade non acada ese nivel de crispación e a economía recupérase logo da pandemia e reduce o desemprego ao nivel máis baixo dende o 2007.

En próximos editoriais daremos remate á situación político-económica de España nestes últimos 50 anos.

Que os Reis Magos se teñan acordado de vdes.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldes, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

Premios Menina Sarmiento 2025

O Concello celebrou por primeira vez o certame dos Premios Menina Sarmiento, na honra da figura de María Agustina Sarmiento de Sotomayor, nada en Ponteareas e mellor coñecida como a Menina Menor do famoso cadro de Velázquez.

O evento serviu para ofrecer o recoñecemento ás ponteareás e ponteareáns nos ámbitos social, cultural, educativo, deportivo e económico da vila. Foron así galardoados/as o Rancho de Reis de Guláns, polo seu labor de preservación da tradición e patrimonio cultural; a Federación de ANPAS do Condado Paradanta e A Louríña; a asociación Aveláña; a empresa local Don Disfráz / Cos-



tumalia; a deportista Melania Rodríguez; o futbolista do Celta "Damián Rodríguez" recibiu o premio "Nova Promesa"; e o de "Embaixada de Ponteareas" para a Asociación de Alfombristas Corpus Christi de Ponteareas. Na categoría "Emigración" destacou aos ir-

mãos Rodríguez Sobral, polo mantemento do vínculo coa súa terra e a difusión da identidade ponteareá no exterior. Fíxose igualmente unha mención especial a Francisco González Groba, histórico mestre de Guláns, polo seu legado educativo e humano.

BNG e PSOE denuncian "exclusión e falta de consenso"

A oposición reaccionou ao tratamento do goberno municipal co respecto a estes premios. O BNG denunciou as "manobras de Nava Castro e da dereita para secuestrar os premios" e "poñelos ao servizo dos seus intereses, afastándoos do espírito de recoñecemento colectivo co que foran creados".

Argumentaron os nacionalistas que "as bases iniciais establecían

que as persoas distinguidas debían ser aprobadas polo Pleno con maioría cualificada de dous terzos. Agora, por decisión do goberno de Castro, os premios pasan a ser decididos exclusivamente pola Xunta de Goberno", constituíndo un "muro antidemocrático que anula a participación cidadá".

Pola súa banda, o Grupo Municipal Socialista lamentou que o goberno tripartito PP-ACIP-IdeP

realizou estes premios "sen contar coa corporación municipal, sen información oficial e a través dun xurado decidido de maneira unilateral pola alcaldesa, Nava Castro".

O PSdeG lembrou que na anterior convocatoria fallida se introduciran modificacións para garantir criterios éticos e democráticos, como impedir premiar a persoas ou entidades vinculadas coa ditadura.

Licitación do subministro eléctrico

Por vez primeira na súa historia, o Concello vén de iniciar o procedemento de licitación do contrato de subministro de enerxía eléctrica para as instalacións municipais, coa finalidade de centralizar a xestión dos contratos eléctricos municipais, reducir custos e mellorar o control do consumo enerxético.

Segundo informou o tenente de alcaldesa e concelleiro de Vías



e Obras Juan Carlos González Carrera, o contrato estrutúrase en

varios lotes que inclúen un total de máis de 70 puntos de subministro eléctrico de baixa, media e alta tensión, correspondentes a edificios municipais, instalacións deportivas, centros culturais, alumeado e outros servizos públicos. En concreto, o prego contempla subministracións con tarifas 2.OTD, 3.OTD e 6.1TD, adaptadas ás diferentes necesidades de potencia e consumo das instalacións do Concello.

Faleceu "Chalo", histórico líder socialista



Gonzalo Caballero Álvarez, "Chalo", ex secretario xeral da agrupación local do PSdeG-PSOE, ex concelleiro e candidato á Alcaldía de Ponteareas en 1983, faleceu este 24 de decembro.

Pai do ex secretario xeral do PSdeG-PSOE Gonzalo Caballero e irmá do actual Alcalde de

Vigo, Abel Caballero, "Chalo" tivo unha destacada traxectoria na que destacou pola súa implicación no incremento de afiliación ao partido así como no ámbito da educación, sendo profesor de vocación e director do actual CEIP As Veigas. Tamén presidiu o Centro Artístico Deportivo de Ponteareas.

Alejandro Viana no Festival de Biarritz



A Federación de Gremios de Editores de España, que representa a máis de 800 editoriais a nivel estatal, seleccionou o libro "Alejandro Viana. La proeza del rescate de los refugiados republicanos", de Roberto Mera Covas, sobriño bisneto de Alejandro Viana, e

publicado por Belagua Ediciones, para ser presentado o vindeiro 27 de xaneiro no Festival Internacional de Cine Documental (FIPADOC) de Biarritz (Francia) Mera, que publicou orixinalmente este libro en galego, recibiu en 2022 o Premio de Investigación e Ensaio Antón Losada Diéguez.

NovaCociña

Paseo Matutino, 12
36860 - Ponteareas
Telf: 986 660 287 / 647 607 674

Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO
grupoluco@covelo.cc
986 644 036
www.covelo.cc

casa ferreira

Venta: Jamones, Quesos y Vinos - Productos Típicos
JAMON DE TERUEL BAJO EN SAL
C/ Fdez. de la Vega, 6
36860 PONTEAREAS
charcasaferrera@hotmail.es
Teléf. 986 641 554

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O BNG presenta propostas para os centros educativos

Tras presentar diversas emendas destinadas á mellora dos centros educativos e da seguridade viaria realizados durante o debate sobre os Orzamentos 2026 no Parlamento Galego, Cristina Fernández Davila, líder do BNG de Ponteareas e deputada autonómica, lamentou “o voto en contra do PP” a estas propostas.

Fernández Davila indicou a necesidade de completar as obras



para a rehabilitación integral do CEIP Fermín Bouza Brey, nas aulas do Colexio Rural Agrupado A Picaraña, a apertura dun ximnasio nos CEIP Santiago de Oliveira e Feliciano Barrera de Guláns, melloras para a eficiencia enerxética no CEIP As Veigas, reformas no CEIP Mestre Ramiro Sabell e nos institutos de Ponteareas, así como actuacións para a posta en valor de elementos patrimoniais, como a Ponte dos Remedios.

Nava Castro retira competencias do Pleno

OBNG denunciou publicamente a decisión adoptada polo goberno de Nava Castro no último Pleno de Ponteareas, celebrado a porta pechada, de retirar competencias ao Pleno Municipal. Indican que a Alcaldesa procede posteriormente “a decidir desde o seu despacho” nunha nova demostración “da deriva autoritaria e antidemocrática deste goberno”

Entre estas competencias están celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial ou o alleamento do patrimonio. Tamén engadiron outras prácticas como o recorte da participación dos grupos políticos mediante unha modificación do Regulamento.

Cultiva a Mente en positivo

O 96% das persoas das parroquias de Xinzo e Ponteareas participantes nos obradoiros Cultiva A Mente organizados polo Concello e AFAGA Alzheimer confirmaron o seu impacto positivo no quefacer cotiá. A concelleira de Benestar Social, Raquel Plana, explicou que grazas a este programa, unhas 36 persoas maiores de 55 anos traballaron semanalmente cun psicólogo co obxectivo de adquirir un estilo de vida activo e saudable. As actividades incluíron sendei-



rismo, sesións de terapia musical, estimulación cognitiva e sociabi-

lidade. Os cursos volverán a partir do mes de febreiro de 2026.

Aprobación do orzamento 2026 “insólita e impropia”

OBNG lamentou a “utilización propagandística e manipulada” do goberno de Nava Castro sobre a aprobación do Orzamento municipal para 2026. Considera “insólito e impropio” que as dúas aprobacións do orzamento, a provisional e a definitiva, se producisen de xeito anómalo,

aprobado a porta pechada e sen parte da Corporación, “evitando un debate público normalizado”.

O BNG censura que o Orzamento “consolida o sablazo na suba de taxas e impostos aprobada pola dereita, que supón un incremento do 25% do IBI, do 77% do imposto sobre obras e do 85% na taxa do lixo”

Escaseza de médicos no Condado-Paradanta

Adeputada socialista Elena Espinosa presentou unha proposición non de lei e unha pregunta parlamentaria para instar á Xunta a dar expli-

cacións e cubrir de inmediato as vacantes sanitarias existentes no Condado-Paradanta ante a falta de médicos de atención primaria e de pediatras.

San Silvestre contra o cancro

O Concello de Ponteareas fixo entrega á Asociación Española Contra o Cancro (AECC) dun cheque por valor de 1.375€, correspondente á cantidade recadada na carreira San Silvestre Solidaria, celebrada o pasado 31 de decembro.



“Ponteareas no tempo” honra á tradición

Alcaldesa Nava Castro e o Tenente de Alcaldesa, Juan Carlos González Carrera, presentaron o calendario municipal 2026 que, baixo o título “Ponteareas no tempo”, está dedicada ás 24 parroquias do municipio e pon o foco no valor do rural como espazo de memoria, identidade e tradición.

Durante o acto proxectouse tamén un vídeo explicativo no que se detalla o contido das imaxes que acompañarán mes a mes



ao longo de 2026. Todas as persoas interesadas poderán recoller o seu exemplar a partir do venres

2 de xaneiro, tanto na Biblioteca Municipal como na Casa do Concello.

TRIFOLIUM INGENIEROS

Gestiones catastrales
Mediciones
Inventario de bienes
Partición de herencias-Sucesiones
Informes periciales
Proyectos agrícolas y ganaderos

653 047 430 - 886 216 505
C/ Alcalde Daniel Ojea, 10 Bj. Ponteareas

mariquita mimosa

Ropa infantil
Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS

mariquitamimosa@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

Síguenos

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

PONTEAREAS

Boas prácticas en transformación dixital

Alcaldesa Nava Castro participou na xornada “Cara á Transformación Dixital: plans locais de I+D+I”, organizada pola Xunta de Galicia na Cidade da Cultura, onde foi convidada como exemplo de modernización e innovación desde o ámbito local, recoñecendo o proceso de transformación dixital impulsado polo Concello nos últimos dous anos.

Un dos proxectos máis ambiciosos foi a transformación dixital integral do Conservatorio Municipal de Música, cun investimento de 130.000 euros e máis de 220 alumnas e alumnos beneficiarios. Outro dos proxectos é dirixido ás persoas maiores que viven soas



no rural, como a domotización dos fogares, que xa dará servizo a 70 usuarios, grazas a un convenio coa Cruz Vermella e o apoio

do GDR Terra e Auga. Castro tamén salientou a dixitalización de aproximadamente o 90% dos trámites municipais.

Maternidade, emprego e saúde, as prioridades das mulleres ponteareás

Baixo a iniciativa de Raquel Planas, concelleira de Benestar Social, o salón de plenos do Concello celebrou a primeira das reunións de traballo que, ata o vindeiro mes de marzo, permitirán definir as principais inquedanzas e necesidades das mulleres ponteareás.

Xunto co equipo do CIM e as educadoras e traballadoras sociais do departamento de Benestar Social, máis de corenta mulleres de distintos perfís participaron en mesas de traballo para realizar unha análise DAFO orientado a propiciar futuras políticas municipais.

Nesta xuntanza, o 57,1% das mulleres sinalou a maternidade como un factor determinante no



seu proceso vital; o emprego cun 52,4%; e a formación 33,3%. Como principais carencias o 57,1% salientou a saúde integral (mental, sexual e física) e a formación cun 42,9% así como o recoñecemento profesional cun 38,1%. Respecto

ás accións que agardan do Concello, un 50% solicita apoio formativo; un 45% accións de sensibilización; e un 35% avoga por aumentar e promocionar servizos existentes, en particular para garantir a seguridade.

Asfaltado no rural



O Tenente de Alcadesa Juan Carlos González Carrera informou que o Concello vén de licitar as obras de asfaltado nas parroquias de Arcos, Areas, Bugarín, Cumiar, Padróns, Ponteareas e San Mateo de Oliveira incluídas no proxecto “Pavimentación de camiños en

distintas parroquias do Concello de Ponteareas”, cun orzamento total de 203.238€, financiado ao abeiro do Plan +Provincia 2025 da Deputación. O obxectivo é garantir a seguridade nos accesos das vivendas e para equipos e labores de emerxencia.

En pro das persoas maiores e da infancia



O Pleno do Concello de Ponteareas aprobou na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2025 a súa incorporación á Rede de Cidades Amigables coas Persoas Maiores, iniciativa promovida pola Organización Mundial da Saúde (OMS) e coordinada en España polo IMSERSO.

Na mesma sesión plenaria aprobouse tamén o Plan Municipal de Infancia e Adolescencia de Ponteareas para o período 2026-2029, enmarcada na renovación do recoñecemento de Ponteareas como Cidade Amiga da Infancia por UNICEF España para ese mesmo período.

www.novasdoeixoatlantico.com



CONDADO/PARADANTA

A ilusión 'reina' nas Cabalgatas de Reis

Un colorido ambiente festivo, os nenos e nenas de Condado-Paradanta, A Louriña, Baixo Miño e Val Miñor disfrutaron da tradicional cabalgata dos Reis Magos horas antes de recibir os seus agasallos.

Os Magos de Oriente e as súas carrozas, caramelos, música, Ranchos de Reis, Rondallas, e festas infantís encheron de ledicia a familiar tarde-noite do día 5 de xaneiro nos diferentes concellos das nosas comarcas.



300 quilos de caramelos na Cañiza.



Festa Nocturna en Arbo co trío 3.Com.



Kart Grand Tour en Baiona.



Música e animación en Gondomar.



En Mos, 11.000€ en premios.

AREAL MADEIRAS

986 64 25 95 - 626 686 277
arealmadeiras@gmail.com
arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

acero+
imprenta • publicidade • web

A túa imprenta textil

604 08 43 68
PONTEAREAS
www.aceroplusdigital.com

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES
ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS
MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/ Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS
glittercb2016@gmail.com

Tlf. 986 17 78 63
645 38 96 68

Síguenos
f i

Erovás
COMPLEMENTOS
MUJER Y HOMBRE

Avda. Constitución, 10
36860 Ponteareas
986 066 918
maricarmenerovas@gmail.com

Restaurante O'Rianxo
35 años a su servicio

Terraza de verano interior
Ctra. N-120
Vilasobroso - Mondariz
Telf.: 986 654 434
Móvil: 631 997 556

milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas
milfollas@mundo-r.com

CONDADO/ PARADANTA



Pola paz e a tradición mariñeira en Nigrán.



Xúbilo infantil en Salvaterra.



Recepción real en Pontearreas.



Na Porta do Sol en Vigo.



A Rondalla de Atios en Salceda.



O Porriño Pequeno Fest.



En Tomiño tamén soaron as rondallas.



Reis Magos na ponte internacional de Tui.

papelón con **limón**

BRUNCH & BAR

BRUNCH
TOSTAS
TAPAS
AREPAS
BURGERS

Rúa Reveriano Soutullo, 7
36860 Pontearreas, Pontevedra
www.papelonconlimon.es

623 530 294

TALIER

SALÓN

Alfonso Vázquez Fraile, 5 b.j. PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluqueriatlientmt@gmail.com

CENTRAL AGRICOLA
PONTEAREAS, S.L.

Agro - Jardín - Ferretería

✉ comercialareas@hotmail.com
☎ 986 66 11 91 - 629 52 24 18
🏠 Areas Picoto 36861 - Pontearreas

MISCELANEA

Por Roberto Mansilla Blanco
secretario de Defensa de EEUU, Peter Hegseth, declarou que a operación militar que detivo ao agora ex presidente venezolano Nicolás Maduro este 3 de xaneiro foi unha demostración de cómo alcanzar “a paz pola forza”. Minutos antes, o presidente Donald Trump xustificou esta operación exclamando que “EEUU gobernará Venezuela cara unha transición xusta e adecuada” que pode durar “varios anos”.

Días despois, Trump asegurou o interese “indefinido” de EEUU polo petróleo venezolano, o país coas maiores reservas de hidrocarburos a nivel mundial. Mentres en Caracas asumía o cargo presidencial a entón vicepresidenta Delcy Rodríguez, Trump chegou incluso a desacreditar á líder opositora e actual Premio Nobel da Paz, María Corina Machado, dentro do novo esquema de transición post-Maduro. Trump asegurou que Machado “non ten apoio nin respecto en Venezuela”.

Visto o *modus operandi* e a posta en escena da “operación militar especial” en Venezuela contra Maduro queda claro que o contexto da a entender un pacto

previo entre diversos actores, internos e externos, na que a caída da peza chave, Maduro, era xa imprescindible.

Esas primeiras horas “post-madurismo” en Venezuela deixaron ás claras cal é a estrutura de poder imperante en Caracas. Mentres Trump anunciaba un goberno dirixido dende Washington polo secretario de Estado Marco Rubio, a Casa Branca outorgaba o seu aval tutelar a unha Delcy Rodríguez que asume a presidencia encargada nun triunvirato no que tamén están incluídos o ministro de Defensa, Vladimir Padrino López, e o vicepresidente e ministro de Interior Diosdado Cabello.

A “chave Delcy” da a entender que a Casa Branca xa observara con atención a actual presidenta encargada como o seu peón en Caracas. Isto implica que a presión de Washington será cada vez maior sobre Delcy e o seu equipo, amparado pola intimidante presenza militar estadounidense no Mar Caribe que non dubidará en actuar se as novas autoridades en Caracas “non fan o correcto”.

Venezuela: “a paz pola forza”



Por outra banda, Delcy e o “post-madurismo” deben agora manexar delicados equilibrios entre a presión de EEUU e a de aqueles sectores radicais do “chavismo”, sen desestimar posibles escenarios de confrontación interna que compliquen os plans de Trump dunha transición pactada e tutelada.

Mentres Washington pretende reconducir á Venezuela post-Maduro cara as súas esferas de influencia, resta por medir como repercutirá esta situación na xeopolítica global. Trump busca sacar músculo militar nun contexto de

tensións con Rusia, Irán e China, tres aliados de Maduro que hoxe observan como a súa caída supón un revés xeopolítico similar ao que sucedeu co ex presidente sirio Bashar al Asad en decembro de 2024. Non obstante, non é descartable que a caída de Maduro fora previamente “pactada” por Washington con Moscova e Beijing. Alén das consecuentes protestas pola agresión ao seu aliado, Rusia e China manteñen un baixo perfil, tal e como o tiveron coa caída de al Asad en Siria. Horas antes da súa caída, Maduro recibiu

a unha delegación chinesa no Palacio de Miraflores.

Pola súa banda, Irán vive actualmente protestas nas rúas mediatizadas por unha presión constante por parte de EEUU e Israel que, incluso, advirten da posibilidade dunha confrontación armada coa pretensión de propiciar un cambio de réxime en Teherán. Así mesmo, a caída de Maduro é unha advertencia de Washington contra países díscolos para os seus intereses como Cuba, Nicaragua, Colombia e incluso Brasil.

Este revival do intervencionismo estadounidense na rexión, que no caso venezolano sería a primeira intervención militar directa nun país de América do Sur, revela que Trump quere volver a dominar ese “patio traseiro”, afastando así a presenza de competidores e rivais como China e Rusia. Con todo, a operación de Trump contra Maduro é un precedente non menos perigoso e violatorio do dereito internacional que, visto en perspectiva, tamén pode “envalentonar” a Moscova e Beijing a reproducir ese mesmo esquema nas súas respectivas esferas de influencia, dende Ucraína ata Taiwán.

Por Xoán Carlos Caballero

Pedroooooooooo!

Los Ángeles, ano 2000. Quedou gravado na memoria colectiva do cinema o berro de Penélope Cruz ao abrir o sobre no que aparecía unha tarxeta cun nome: Almodóvar.

A película: Todo sobre mi madre.

O berro: Pedroooooooooo!

Gustoume tanto o filme que, ao saír do cine, pedínlle ao encargado se podía gardarme o cartel. Aquel que logo penduraría na miña habitación cor rosa no Reino Unido. Reserveino porque ese retrato lembroume Antonia San Juan (Agrado no filme) a que fora camioneira en París antes de poñerse tetas e que logo deixou o camión para facerse puta.

Curiosamente, recordei máis ese Pedrooooo! interminable ca o propio filme. Aquela explosión de felicidade, esa vogal prolongada que atravesou a tectónica de placas dende o fondo do Pacífico. Podería ter ido polo camiño curto, pero escolleu o longo: cruzou Asia, atrasou a súa chegada ata 2017 e entrou na Península polo Guadalquivir. Chegou a Dos Hermanas, onde o esperaba un Peugeot 407. E os seus ecos seguen resoando ata hoxe.

Nos momentos de trincheira e barricada, que o berro de Penélope funcione como



escudo, como tapia que impida a saída da escura caverna da indignidade, da falsidade, dos sementadores de odio, dos hipócritas, mentireiros e amorais que nunca faltan a unha procesión.

Mentres, que tomen como exemplo a Penélope de Ítaca, símbolo da paciencia. E tamén da astucia e a intelixencia, aínda que estas últimas non mariden ben co eles. Que o berro de Penélope sirva para seguir parando as bestas.

As mesmas bestas que aseguran que ETA vai asaltar o País Vasco e Navarra.

Que din que os 7.291 anciáns das residencias ían morrer igual.

Que que culpan a Sánchez da desgraza da DANA.

Que amasan cartos durante unha pandemia.

Que queren cavar fosas para enterrar ao goberno.

Os que alí onde xestionan, arden os montes, os mares tinguense de negro e a xente afógase. Pero cando máis apestan é cando se lavan as mans e, sen o máis mínimo rubor, botan a culpa aos demais. Non lles importa facer dano á xente íntegra con tal de escorrer o bulto. Niso, hai que recoñecelo, son super-

dotados.

O arte da mentira: mentir con seriedade, con aplomo, sen pestanexar, mirando á cámara, con solemnidade e rictus imperterritito.

ETA matou máis de dúscenas persoas en Atocha.

A culpa dos 7.291 mortos é de Pablo Iglesias.

Os que non tiveron reparo en entregarlle mesturados os restos dos militares do YAK-42 ás súas familias.

Os que se relacionan con narcotraficantes.

Os que se pasean en Maserati e mercanáticos con cartos obtidos vendendo máscaras a xente aterrorizada porque pensaba que ía morrer.

Os que subornan a policías para fabricar delitos inexistentes: que Podemos se financiaba con cocaína, con cartos de Maduro.

Os do non:
non ao divorcio,
non ao aborto,
non ao matrimonio entre persoas do mesmo sexo,
non á eutanasia,
non á condena do franquismo.

E os do si:
si a Altri,
si á celulosa,
si a Audasa,
si a arrastrar vellos ata as urnas.

Pois si, Pedro!. A día de hoxe non hai outra opción que non pase por ti á fronte do executivo español, aínda que ás veces haxa que poñerse pinzas no nariz.

Se todos eles se deixasen macerar nunha cuba, o residuo máis depurado sería unha figura á maneira de Tony Cantó: aquel travestí en Todo sobre mi madre, do que a súa exmuller dicía que reunía o peor dun home e o peor dunha muller. Unha imaxe exacta do travestismo ético, político e moral.

Non só Os Simpson adiviñan o futuro. Almodóvar tamén.



A CAÑIZA

Convenio por 30 anos para sostibilidade

O Alcalde da Cañiza, Luis Piña asinou co promotor eólico Helioceratops Invest S.L., un acordo con 30 anos de vixencia que garantirá investimentos continuados en iniciativas sociais, ambientais e de desenvolvemento local directamente ligado á continuidade do proxecto do Parque Eólico As Fenteiras.

O documento establece un marco de cooperación, polo que Helioceratops achegará fondos que o Concello poderá xestionar integramente e de maneira autónoma.



A Cañiza podería percibir nesta anualidade 16.887,75€ do promotor eólico, que se compromete

a achegar anualmente o 2,5% do beneficio neto do parque para apoiar actuacións municipais.

A Cañiza impulsa novo servizo de biorresiduos

Cun investimento de 76.132€ financiados con achegas da Xunta, a Deputación, fondos europeos NextGenerationEU e municipais, o Concello prevé semanalmente a recollida da fracción orgánica. Distribúíronse máis de 600 cubos domésticos de 10 litros, xunto coas primeiras bolsas compostables gratúitas que poderán adquirirse en maior tamaño nos comercios da Cañiza, e instaláronse 40 contedores de 400 litros, de cor negro con tapa marrón, destinados exclusivamente aos bioresiduos.

O Concello, en colaboración



coa empresa Ancaria, está a realizar visitas informativas personalizadas toda vez nas parroquias

continúa apostando pola compostaxe doméstica mediante a entrega de composteiros.

"A Cañiza, capital do xamón"

O Alcalde Luís Piña e o presidente da Asociación GDR Condado Paradanta, Pablo Castillo, asinaron un convenio de colaboración que permitirá impulsar o proxecto "A Cañiza, capital do Xamón", cun investimento de 131.000€.

O convenio permitirá executar a actuación "A Cañiza, capital do Xamón", enmarcada no Plan de Sustentabilidade Turística en Des-



tino (PSTD) Condado Paradanta –

Destino Enogastronómico, financiado pola Unión Europea a través dos fondos NextGenerationEU (Goberno de España), impulsado pola Xunta de Galicia. A GDR asumirá a xestión, contratación, execución e xustificación das actuacións previstas no proxecto, mentres que o Concello da Cañiza porá á disposición o espazo e infraestruturas necesarios para o seu desenvolvemento.

Campamento de Nadal



O Alcalde Luís Piña visitou o último día do Campamento de Nadal que acolleu a 34 nenas e nenos entre 3 e 12 anos os días 22, 23, 26, 29 e 30 de decembro así

como o 2 de xaneiro na Casa da Cultura. As actividades lúdicas, educativas e creativas foron desenvolvidas pola empresa Xogoteca a través dun contrato por un importe de 3.832€.

Eficiencia enerxética no alumado público

O Alcalde da Cañiza Luís Piña visitou ás obras recentemente rematadas de mellora da eficiencia enerxética do alumado público con luminarias LED nas zonas de Campo da Feira, As Laxas, Gorgullón e Poulo.

A actuación, financiada a través das subvencións do IDAE cun investimento total de 91.197,70€, foi adxudicada á empresa Construelectric Systems Galicia, S.L. e supuxo unha renovación integral das instalacións de iluminación nestes núcleos.

Peto Solidario contra o cancro

A través dunha iniciativa promovida por Patricia Paramés e Edi Márquez, en colaboración cos Concellos da Cañiza e de Melón realizouse a apertura do peto solidario cunha recadación de 477,20€, co obxectivo de recadar fondos, a través de andainas solidarias, para apoiar á Asociación Cancro de Mama "ASCAM Pilar Domingo" de Ponteareas.

Outras actividades de promoción foron campañas de subvencións de suxeitadores para próteses, panos e turbantes; de-



envolvemento do programa "Cuerpo y Mente", con clases de ioga, pilates e talleres de meditación, relaxación e pranayama; os programas "Ao Teu Lado", "Sabores", e "Bonita" de asistencia psicolóxica, nutricional e de dotación de pelucas.

Ferretería
Julio Pérez Giraldez
Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA
julio.perezgiraldez@hotmail.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO
POLLOS POR ENCARGO
DROGUERÍA
FERRETERÍA
JARDINERÍA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO
VENTA DE PLANTAS
DISTRIBUIDOR OFICIAL: **Alona**
C/ MEROUDES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO
Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

CONDADO/PARADANTA

Axudas ás Comunidades de Augas do Condado Paradanta

No marco da celebración da I Gala Comunitaria, a Deputación de Pontevedra informou que nestes dous anos de goberno destinou máis de 1,4M a preto de 140 asociacións e comunidades de augas dos concellos de Arbo (16 entidades), A Cañiza (14), O Covelo (9), Crecente (7), Mondariz (18), Mondariz-Balneario (9), As Neves, Pontearas (39), Salceda de Caselas (14) e Salvaterra de Miño (6).

Por outra banda, a entidade provincial amosou o seu compromiso co movemento veciñal, con 1.000 colectivos do conxunto da



provincia atendidos e 11,5M€ distribuídos nestes primeiros dous anos de mandato. Tamén apro-

veitou para adiantar que no 2026 as liñas de axudas dirixidas ao tecido veciñal medrarán un 20%.

Faleceu "Kubala", o cronista oficial de Mondariz

Mediante comunicado, o Alcalde Pablo Barcia e a Corporación Municipal lamentaron o falecemento este 28 de decembro aos 83 anos de Don José Guisado Nogueira, mellor coñecido como "Kubala", Cronista Oficial de Mondariz, antigo funcionario municipal e xogador do Mondariz FC. "Kubala foi unha figura fundamental na conservación, estudo e divulgación da memoria histórica do municipio, unha labor que desenvolveu ao longo de toda unha vida con entrega,



rigor e discreción, deixando unha obra escrita que permanecerá como legado para as xeracións futuras", expresou este comunicado.

Novo camiión para recollida de residuos en Mondariz



O Concello de Mondariz formalizou un convenio coa Xunta e a Deputación para adquirir un novo camiión compactador, destinado á

recollida separada de residuos. A Xunta achega o 70% do investimento mentres que a Deputación financia o 30% restante co Plan Máis Provincia.

Beneficio para 13.000 pensionados na comarca

O PSOE comarcal informou que o goberno de Pedro Sánchez aprobou unha nova revalorización das pensións cunha subida mínima do 2,7%. Con esta medida, as

pensións acumulan un incremento do 21,2% nos últimos seis anos. No Condado-Paradanta, esta decisión beneficia directamente a máis de 13.000 pensionados.

Balneario mellora a súa Praza de Abastos

O director xeral de Comercio e Consumo da Xunta, Gabriel Alén, visitou as obras de mellora na redistribución de postos da Praza de Abastos de Mondariz-Balneario, que prevén estar rematadas a mediados de ano grazas a un investimento próximo aos 400.000 euros dos que a Xunta achega o 80%.

Alén aproveitou para informar sobre a creación dunha Rede de Mercados Excelentes de Galicia para este 2026 que actualizará



os criterios para a obtención e renovación do selo Mercado Ex-

celente no marco do Plan estratéxico de comercio 2025-2030.

Tchaikovsky, Strauss e Dvořák en Covelo

O Concello de Covelo acoñeceu o domingo 11 de xaneiro na igrexa de San Martiño de Barcia de Mera, un concerto incluído na segunda edición do ciclo "Entradiñas de Aninovo", impulsado pola Deputación. O concerto estivo a cargo da Banda de Música Municipal de



Valga e da Orquestra Clásica de Valga, dirixidas por Manuel Villar Touceda.

O programa incluíu a Abertura de "O Quebra-Noces" de Piotr Tchaikovsky, a Sinfonía nº 9 "Do Novo Mundo" de Antonín Dvořák e a Tritsch-Tratsch-Polka de Johann Strauss.

ATLANTICOLOR
Ferretería y pinturas
Tif.: 986 669 955
Permitido acceso de vehículos
zona carga y descarga max. 15 minutos
Rúa do Salgueiro, 7 Ponteareas

JJ Copas
Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos
Avda. Galicia
Ponteareas

CHAMBO LIBRIS
ASOCIACIÓN SOLIDARIA
■ FOGAR DO LIBRO USADO
■ OBRADOIROS
■ RECITAIS
■ TERTULIAS
■ PRESENTACIÓN DE LIBROS
Vidales Tomé (fronte ao Sportivo). Ponteareas

Por Dr. Xosé M^a Dios Diz. Médico especialista de AP de Outes.

Esperanza...ou non!

"Si algunha vez tes unha segunda oportunidade na vida, tes que ir ata o final". Lance Armstrong (1971) Texas, ciclista, despois de ter superado un cancro de testículos, gañou 7 Tours de Francia.

PP governa na Galiza, 17 anos. Primeiro Feijoo e logo Rueda; tempo tiveron, si quixeran, de solucionar os graves problemas da Sanidade Pública Galega. O orzamento anual que tiñan, vai dende 10.000 m. de e. no 2008 a 14.200 no 2026: cartos tamén tiveron! A política de desmantelamento, tanto da AP como da AH, foi unha máxima que sempre practicaron e como consecuencia, cada ano, prodúcese máis deterioro do Sistema, cunha privatización galopante.

No remate das negociacións para a resolución do conflito na AP, no 2019, logo da desconvocatoria de folga dos días 9, 10 e 11 de abril, creóuse o Consello Técnico (CT) de AP, con 15 Comisións Técnicas, con 209 persoas nelas. O Obxectivo era poñer as bases do Novo Modelo de AP de Galicia realizado na Comisión nº 9: "Multidisciplinar, para establecer os mapas de competencias dos diferentes estamentos profesionais de AP".

Todos os integrantes do CT, na Comisión 9, fumos quen de realizar un documento,



por consenso. Participaron moitas entidades, que consolidaron un informe moi amplo e importante, pois contempla a incorporación de todas as categorías profesionais na AP, para traballar nos Centros de Saúde e PACs e así poder realizar unha Atención Integral. O 19/06/2025 foi aprobado no CT, por unanimidade!

A Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, formou parte do CT, dende o minuto un e presentou as súas propostas. Traballamos 6 anos no proceso. En decembro do 2024, a propia Consellaría decide continuar ca Comisión 9 para terminar de elaborar o Novo Modelo de AP. Por consenso, fumos elaborando as conclusións cun informe final, a partir das alegacións de cada unha das entidades. Dende a AGDSP queríamos que participaran (e participaron): Psicólogos Clínicos, Logopedas, Terapeutas Ocupacionais, Farmacéuticos, Matroas, Fisioterapeutas, Odon-

tólogos, Persoal de Servizos Xerais, etc. As súas aportacións foron fundamentais para a elaboración do informe final.

No punto 1. Introducción, dí: "No CT de AP do 12/12/2024, acordouse a convocatoria dunha xuntanza da Comisión Sectorial nº 9, multidisciplinar, dándolle cabida ás novas categorías profesionais de AP para traballar nas propostas de mellora organizativas e estruturais cara o Novo Modelo de AP." Este documento parte da Estratexia Galega de Saúde 2030: Liñas de Actuación...

No punto 2. Obxetivos: "Esta Comisión ten como Obxectivo o establecemento de propostas de mellora organizativas e estruturais cara o Novo Modelo de AP".

O traballo foi arreo...e o documento saíu. Moitas persoas e entidades quedaron no camiño, pero ata 23 entidades permanecemos activos e fumos quen de dar forma a un documento, no que, si a administración quere, ten un Novo Modelo de AP na Galiza. A Comisión 9, vai seguir reuníndose; dixemos sempre que era aberta e que permite a incorporación de novas persoas e entidades, e que, co paso do tempo, desas 26 páxinas iniciais, co seu desenrolo, teremos un documento o que podamos acudir para resolver a problemática da AP na Galiza.

Puxemos varias condicións para seguir traballando: que fose dinámico, que fose aberto e que ningunha das cuestións que fixera a administración, si non era por

consenso, dixera que son "co aval do CT". E así se fixo.

Entre as propostas do documento, están: aumentar ao 25% o orzamento para a AP, a creación das Xerencias de AP (suprimidas polo PP), desburocratización das consultas, eliminar a sobre demanda, incorporación de novas entidades aos Centros de Saúde, acabar ca marxinación da AP e a pobreza de recursos. Dotala de autonomía de xestión. Desmedicalizala, potenciando e ampliando os equipos multidisciplinares, para poder prestar unha Atención Integral. Servizo HADO por necesidades non por distancia. Non máis de 30 persoas por día de consulta. As 35 horas semanais (xa pactadas en Mesa Sectorial no 2023 e non aplicadas a todos os profesionais). Desaparición dos FEAP. Incrementar o papel e a responsabilidade da AP nos Plans de Saúde. Participación da cidadanía e os profesionais no Consello de Saúde de Galicia e nos Consellos de Saúde de Área Sanitaria. Mellorar a accesibilidade aos centros. Políticas de Incentivación, Formación e Investigación en AP. Facer da AP o eixo vertebrador do Sistema, orientando a súa actividade a satisfacer as necesidades reais e sentidas polos profesionais e a poboación.

No documento final, están medidas para implementar xa, que non precisan recursos económicos e outras que si (necesitamos unha Memoria Económica para levar a cabo o que propoñemos).

En fin, teremos esperanza?

Por Ramón Coira Luaces

O mellor presidente dos EUA

Leonard foi sen dúbida o mellor presidente dos EUA. Plantou árbores froiteiras nos xardíns da Casa Branca e fertilizáboas el mesmo cos seus propios excrementos. As mazairas, pereiras, nogueiras castiñeiros, ... eran o seu orgullo e os primeiros domingos de cada mes deixaba que os votantes admiraran a súa creación, permitíndolles incluso probar os seus froitos; advertíndolles cuns carteis que miraran ben onde pisaban... Porén Leonard era un presidente non desprovisto de soños de grandeza imperial e planeaba



en secreto invadir México e Canadá; porén o seu xeneral de confianza -que se fixera

pacifista en segredo tras participar en sete guerras- prolongou indefinidamente os planos de ataque e o Presidente gozou anos e anos planeando a invasión dos seus veciños; morrendo placidamente satisfeito, sen chegar a provocar a violencia, aínda a custo de non ver cumprido o seu desexo de unificar América do Norte baixo o seu mandato. Por se fose pouco, Leonard era un presidente magnánimo e metía a man nas arcas públicas, xenerosamente, para agradar ás súas numerosas amantes. E falaba tan ben que eran multitude os seus admiradores e admiradoras que ficaban engaiolados ouvíndoo. Ademais era un devoto cristián, partidario da unión entre devoción e pracer, polo que mandou

labrar un consolador coa figura de Sta. Isabel, co que xogaba discretamente nas recepcións oficiais (como enxeñosa distracción para evitar o tedio dos discursos alleos). Entre as súas afeccións e habilidades estaba a de comer salchichas e beber cervexa, establecendo un recor palacego cando inxeriu nada menos que sesenta e dúas salchichas unha detrás de outra, mentres bebía cervexa. E pasou á Historia -se non coma un gran político- si como un dos máis pacíficos, sendo querido e homenaxeado ao longo e ancho de todo o mundo; pois deixara un bo recordo nos corazóns da meirande parte dos estadounidenses e da humanidade. Un brinde por Leonard!

PINTURAS

BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

IRIS COLOR

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

LOURIÑA

O PORRIÑO

Aposta polas enerxías limpas

O Concello do Porriño vén de adherirse ao proxecto PR-RENOINN Concellos + Renovables I, unha iniciativa innovadora promovida pola Deputación de Pontevedra e presentada ante o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), co obxectivo de impulsar o autoconsumo colectivo con sistemas de almacenamento e garantir a participación de consumidores vulnerables.

O custo total das actuacións previstas ascende a 113.654,09€.



O proxecto inclúe ademais a participación obrigatoria de consumidores vulnerables, que repre-

sentarán polo menos o 10 % da enerxía producida.

Rehabilitación de vivendas en Torneiros

O Concello do Porriño abriu a convocatoria de axudas ata o 31 de xaneiro de 2026 para a rehabilitación residencial na contorna residencial de rehabilitación programada (ERRP) de Torneiros, financiada a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dispoñendo de 328.164,97€ na bolsa de subvencións para novas solicitudes.

Ata o de agora, dos 872.425,00€ destinados á rehabilitación de vivendas, foron adxudicados 544.260,03 euros, co-



rrespondentes a tres actuacións, o que supón un 62,38% dos fondos totais desta liña de axudas. Igualmente, o Concello prevé investir arredor de 102.000€ na

mellora e urbanización da contorna, reforzando así unha intervención integral en Torneiros orientada á súa humanización e revitalización.

300 novas vivendas no Porriño

O Concello e a Xunta iniciaron o proxecto de licitación para a construción de 300 novas vivendas, das cales o 80 % estarán sometidas a réxime de protección, na rúa Fernández Areal. A licitación deste Proxecto de Interese Autonómico (PIA) ten un importe de 212.414€. O espazo é urbanizable, localizado na zona próxima aos Xulgados, centro de saúde e pavillón municipal de deportes, dentro do polígono SUR-



PPR-2, cunha superficie de 43.000 metros cadrados na que se prevé

tamén a creación de espazos libres e verdes.

Esixen seguridade ante o tráfico de drogas en Torneiros

O BNG do Porriño logrou que o último pleno de 2025 aprobase unha moción para convocar a unha Xunta Local de Seguridade ante a situación que vive a parroquia de Torneiros pola venda de drogas, especialmente pola existencia dun foco próximo aos centros

de ensino do CEIP Ribeira e do IES Ribeira do Louro. A veciñanza confirma que presentou numerosas denuncias ante a Garda Civil e a Policía Municipal, e tamén acudiron xunto ao Alcalde Alejandro Lorenzo, na busca dunha solución. que non dá chegado.

Pavimentación nas parroquias

O Concello do Porriño vén de sacar a licitación o proxecto de mellora do pavimento en tres camiños de titularidade municipal, situados nos lugares de Devesa, Filgueiras e Portela de Souto, cun orzamento base de licitación de 132.979,42€ (IVE incluído)

As obras desenvolveranse en

camións situados nas parroquias de San Salvador de Budiño, O Porriño e Atios. O prazo previsto de execución dos traballos será de seis semanas, unha vez adxudicadas as obras, establecéndose durante ese período as medidas necesarias de sinalización e regulación do tráfico.

Referente galego en doazón de sangue

Segundo a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), o Concello do Porriño alcanzou en 2024 as 1.375 doazóns de sangue, o que supuxo 66 doazóns por cada 1.000 habitantes, unha taxa 27 puntos superior á media galega e que sitúa ao municipio como

un dos máis solidarios da provincia de Pontevedra e de toda Galicia. Con motivo da campaña especial de Nadal, que se estende ata o 15 de xaneiro para cubrir as necesidades dos centros sanitarios, unha unidade móbil de doazón de sangue permanece no Porriño.

O BNG polas melloras no ensino público

No último pleno do ano, o BNG conseguiu o compromiso de que o Concello do Porriño apoie as reivindicacións das ANPAS da Lourina para a mellora do sistema educativo público galego. Entre

os problemas detectados a sobrecarga nos servizos de orientación, a insuficiencia de profesorado e de recursos económicos. O BNG instou ao Alcalde porriñés a elevar con urxencia estas demandas ante a Xunta.



Bodas - Comunións

e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
 info@restaurantemanolo.es
 Antonio Palacios 101
 A52 - Salida 305 - PORRIÑO



O Porriño reestrutura o seu goberno

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, anunciou unha actualización da estrutura do Goberno municipal coa finalidade de reforzar áreas clave e optimizar a capacidade executiva ante a chegada de proxectos estratéxicos financiados con fondos europeos, entre eles o PAI, novas escolas infantís e o Centro de Día para Atios, cun investimento global de preto de 11M€.

Un dos principais axustes é a creación da Concellería de Saneamento, Servizos Rurais e Patrimonio Parroquial, que asumirá Marcos Martínez, coordinado con outra nova área, a de Promoción da Identidade, Transformación dixital e Goberno Aberto a cargo



de Bienvenido Estévez, quen continuará levando tamén Eventos e Festexos.

Outras novidades son a Área de Atención á Vulnerabilidade e Programas de Emerxencia, dirixida

por Rosario Costas; Bárbara Troncoso asumirá a Área de Atención Cidadá, Asistencia Domiciliaria, Coidados e Benestar, reforzando o SAF e Teresa Veloso na área de Emprego e Formación.

Balance “histórico” de 2025

A través dun almorzo informativo, o Alcalde Alejandro Lorenzo presentou o balance de 2025 que cualificou de “histórico” destacando “o saneamento das contas municipais” con “saldo cero na conta 413 de facturas pendentes de pago”.

Lorenzo indicou que a débeda para decembro de 2021 cando asumiu o goberno era de 5.496.979,19€ quedando “totalmente liquidada ao longo de 2025”. Así mesmo informou que a revisión das facturas permitiu a devolución de máis de 2M€ en facturas irregulares ademais das sentenzas xudiciais favorables que evitaron “pagamentos indebidos por importe de 853.648,86€”. A única



débeda vixente do Concello corresponde a un préstamo estatal de aproximadamente 3M€ destinado ao pagamento de facturas anteriores a 2022.

Outros aspectos a destacar foron “o dinamismo económico” traducido en que O Porriño constitúise “nun dos Concellos con

maior actividade do PIB en Galicia, superando os 1.200M€, un crecemento anual do 6,6% e unha industria que representa o 50% da riqueza xerada”. Así mesmo salientou a “clara aposta por mellorar a calidade de vida da veciñanza”, destacando “a rexeneración integral da parroquia de Torneiros”.

Apertura dun novo McDonald's en Mos

O municipio de Mos inaugurou este 26 de decembro un novo restaurante da cadea internacional McDonald's, evento no que estiveron presentes a alcaldesa Nidia Arévalo, acompañada por membros do goberno local, así como representantes da empresa promotora. O novo establecemento permitirá a creación de 40 postos de traballo, moitos deles da comarca da Louriña, toda vez reforza a condición estratéxica do Concello como referente económico e industrial para a área metropolitana de Vigo.



As rondallas de Mos aspiran ao BIC



O Pleno do Concello de Mos aprobou por unanimidade a moción promovida polo PP para instar á Xunta ao inicio do expediente que declare ás rondallas como

Ben de Interese Cultural (BIC), na categoría de patrimonio cultural inmaterial. O pleno tamén aprobou a solicitude da declaración como BIC do Pazo de Mos e da Igrexa de Guizán.

A Xunta xestionará a UAD

O Concello do Porriño aprobou por unanimidade en pleno extraordinario urxente o traspaso á Xunta dos servizos e medios persoais e materiais vinculados á Unidade Asistencial de Drogo-dependencias (UAD) municipal, un recurso que leva 37 anos prestando asistencia sanitaria e apoio ás persoas con problemas de drogodependencias dunha

vintena de concellos do sur da provincia de Pontevedra.

O acordo plenario inclúe tamén a aprobación dos anexos correspondentes ao persoal que se integra no SERGAS, os postos vacantes, o inventario de bens, contratos e inmovilizado, así como a cesión temporal do local municipal situado no edificio do Centro Cívico, onde continuará funcionando a UAD.

Récord de tramitación urbanística en Mos



O Concello de Mos pechou o exercicio 2025 cun récord histórico de actividade administrativa en materia de Urbanismo e Medio Ambiente, cun total de 770 asuntos.

En 2025 concedéronse 181 licenzas de obra maior, fronte ás 156 de 2024 e ás 144 de

2023. No conxunto de licenzas e comunicacións previas, Mos tramitou en 2025 un total de 468 expedientes, fronte aos 432 de 2024 e aos 439 de 2023. Especial relevancia ten o aumento dos expedientes de medio ambiente, que pasan de 151 en 2024 a 252 en 2025, o maior rexistro da serie histórica.

LOURINHA

Salceda busca alternativas de circunvalación

O Concello traballa no estudo das alternativas que ofrezan viabilidade para a futura creación dunha circunvalación que permita mellorar a mobilidade para a veciñanza das zonas da Picoña, Castro Barreiro e A Feira cara a Salvaterra.

Os grupos municipais de Movemento Salceda, PSOE e BNG recollían este compromiso dentro do acordo de investidura de 2023. Así levouse a cabo a primeira reunión de traballo coa empresa encargada do estudo, que puxo sobre a mesa as diferentes posibilidades de enlace, analizando a posible viabilidade de cada unha



delas, e establecéronse os criterios cos que se traballará na proposta definitiva así como os condicionantes a cumprir. O Concello vén de encargar tamén o estudo de mellora do enlace de acceso á

PO-510 no Alto da Brava, unha zona perigosa que precisa dunha remodelación, e que será remitida á Axencia Galega de Infraestruturas, dependente da Xunta e titular da PO-510.

Mantemento nas parroquias de Salceda

O Concello iniciou as tarefas de mantemento nas parroquias de Salceda con traballos no alumado público, poda de árbores e outras actuacións de conservación para mellorar a seguridade e o estado dos espazos públicos. Estes labores desenvolveranse de maneira progresiva en todas as parroquias do concello.



Presentación de "Laguna: Memorias en el agua"



O 2 de xaneiro foi presentada a novela "Laguna: Memorias en el agua" da escritora Ana Vila González,

editada por Terra, unha nova editorial salcedense. O acto contou tamén coa actuación de Yennia, Diego Meza e Virginia Cruz.

Ampliación da Senda Fluvial do Río Louro

O Concello de Mos deu inicio á primeira fase da ampliación da Senda Fluvial do Río Louro financiada pola Xunta a través dun investimento de 70.000€. Esta actuación se realiza sobre os primei-

ros 550 metros do percorrido previsto entre o Camiño da Gata e o Camiño das Lagoas e inclúen a drenaxe para a execución da nova senda fluvial e o desbroce, limpeza de marxes e movementos de terra.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

633 60 12 57

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 50
633 60 12 57
jose Luis Bugarin@agencia.aaa.es
segurosbugarin@gmail.com

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACIÓN E ASESORAMENTO
DE EMPRESAS

**José Abrales Amil
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E 36400 - O Porriño (Pontevedra) Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
abraldes@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURIA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDA S.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisla.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

SALCEDA DE CASELAS

Elevador para a Praza de Abastos

A través dun orzamento de 226.893,30€, a maior parte da Xunta e fondos propios, o Concello de Salceda iniciou as obras de instalación dun elevador na Praza de Abastos e o cambio de pavimento do edificio, que permitirá o acceso directo dende a parte traseira, facilitando deste xeito a accesibilidade tanto da clientela como dos servizos e subministracións relacionados coa actividade do mercado.

A Alcaldesa Loli Castiñeira informou que este é o terceiro edificio ao que se dota de elevador tras no Lar da Memoria M^a Teresa



Miras Portugal e no Centro de Servizos Sociais. A Praza de Abastos foi deseñada en 1990 polo arquitecto Álvaro Romero Gil-Delgado.

Un Nadal solidario de récord

Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, e a concelleira de Benestar Social, Selene González, fixeron balance das actividades solidarias realizadas polo Concello coa participación da veciñanza neste Nadal. Destacaron o programa municipal de alimentos, que atende a 60 persoas, das cales 25 son menores de 16 anos; a participación cidadá na DINA na Comunidade Valenciana así como nos incendios do verán de 2025 en Galicia.

Outras actividades solidarias foron o partido de fútbol organizado pola Fundación Denis Suárez, cuxa recadación foi destinada integramente á infancia en situación de especial vulnerabilidade; a promoción do consumo realizado por Cárnicas O Labrego na Praza de Abastos; a participación de



SMRC Automotivo nas ceas de Nadal; o proxecto socioeducativo de Cruz Vermella para a inclusión social da infancia; a recollida de alimentos do centro de estimulación infantil Manus; as actividades da mocidade e os programas de alimentos realizados polos IES

Ribeira do Louro (Torneiros) e Pedras Rubias (Salceda); e a carreira San Silvestre solidaria, organizada polas Escolas Deportivas de Salceda e polo propio Concello, con máis de 600 participantes cunha achega para o programa municipal de alimentos.

16 desfibriladores ás 24 horas

Dentro do Programa Estela, o Concello de Salceda conta actualmente con 16 desfibriladores (DESA) es-

tratexicamente situados, destacando a instalación do DESA 24 horas na Praza do Concello. Cada desfibrilador, dispoñible as 24 ho-

ras do día e os 365 días do ano, permite facer de Salceda un Concello cardioprotexido.

Saúde e deporte para a integración



O Club Baloncesto Caselas, en colaboración co Concello, a Federación Galega de Baloncesto (FEGABA), o seu patrocinador Motherson e a Deputación de Pontevedra, organizou o 20 de decembro a I Xornada de Integración e Saúde

no Deporte, un ciclo de charlas de carácter transversal dirixido a xogadoras e xogadores, adestradoras e adestradores, familias do club e tamén aberto ao público xeral. A xornada realizouse no CEP Altamira e o Centro Social da Devesa.

Canto e Rancho de Reis



Mantendo a tradición, a Igrexa de Santa María acolleu este 6 de xa-

neiro o canto de reis do grupo O Serán e a danza de Reis do rancho da Feira.

Melloras de accesos en Parderrubias

A Comunidade de Montes de Parderrubias e o Concello de Salceda están a levar a cabo o arranxo do acceso ao

aparcadoiro, parque infantil e pista deportiva así como da Igrexa parroquial e o Centro Cultural.



O HUB Audiovisual de Vigo busca ser referente no noroeste peninsular

O Delegado do Estado para a Zona Franca de Vigo, David Regades, e a primeira Tenente de Alcalde do Concello de Vigo, Carmela Silva, visitaron o HUB XRLAB Pau Alto en Barcelona, un dos principais polos económicos do sector audiovisual en Cataluña, coa intención de propiciar mecanismos de cooperación para a creación do HUB Audiovisual en Vigo que, co apoio da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, aspira converterse nun referente no noroeste peninsular.

Regades indicou que a intención do Consorcio é “impulsar o crecemento e a competitividade do sector audiovisual, acompañar á nova actividade económica, captar investimento nacional e internacional, e atraer e xerar talento e emprego de calidade”.



Pola súa banda, Carmela Silva destacou que “Vigo é un lugar idóneo para unha aposta tan ambiciosa polo audiovisual”. Regades informou que ata o momento presentáronse sete ope-

radores para a Consulta Preliminar ao Mercado que a Zona Franca impulsou en novembro pasado para testar o interese empresarial na xestión do futuro HUB Audiovisual de Vigo.

Vigo será en setembro o centro da industria aeroespacial

A Zona Franca volverá apoiar a celebración da cuarta edición do Congreso New Space España, organizado por Alén Space, e que se realizará os días 24 e 25 de setembro na cidade olívica. Consta dun evento pioneiro que volverá presentar os grandes proxectos da industria espacial española e a súa cadea de valor. Neste Congreso estarán presentes os últimos avances que en materia aeroespacial ten realizado a NASA como Alén Space, Kreios, UARX, e Vig Sec Drone, todos eles financiados polo Fondo de Innovación da OTAN.



O Delegado do Estado da Zona Franca, David Regades, e o director xeral de Alén Space, Guillermo Lamela, reuníronse para concretar os detalles deste evento de carácter bianual co foco na

análise das novas tendencias e desafíos do sector espacial, así como as actividades de networking. Regades destacou o “salto exponencial” que Vigo ten outorgado a Galicia neste sector.

Volve o fútbol ao Campo de Dextros



Gracias a un investimento de 600.000€, o Concello de Salvaterra celebrou este 11 de xaneiro un partido de liga entre a S.D. Salvaterra e o Mondariz F.C. que serviu para inaugurar o campo de fútbol Antonio Bernárdez Gándara-Dextros tras as súas obras de reforma.

As obras de mellora incluíron o cambio de alumado led, que

permitirá unha redución de máis dun 50% no consumo; paneis solares na cuberta da grada; un sistema de fototermia con catro acumuladores de 200; un sistema de renovación de aire en vestiarios e aseos; renovación de vestiarios, cimentacións, fachada, carpintaría e cuberta, illamentos, fontanería e saneamento, e a renovación dunha parte do peche perimetral.

“Cando as Vacas son as Vacas” en Curtis

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, inaugurou a mostra fotográfica De cando as vacas son vacas, de José Luis Míguez, que se encontra exposta na Casa Museo de María An-

tonia Dans, no Concello de Curtis. A exposición conta con máis de medio cento de fotografías nas que se amosa a convivencia con estes animais e a conexión que se establece con eles.

“Modo galego, actíva!”

O CEP de Ventín acolleu a presentación da cuarta edición de Modo Galego, actíva!, o proxecto de investigación-acción da RAG e o Concello de Ames que desde 2023 busca promover o uso do galego entre a mocidade. Entre as novidades da

nova edición que alcanza a 300 docentes e outros 200 profesionais está a incorporación das escolas deportivas de xestión municipal coa sinatura por parte duns 2.700 alumnos e alumnas do “Acordo de compromiso lingüístico” que negocien nas súas aulas.

Servizos técnicos forestais e obra do rural

Xirela

Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

RESTAURANTE Pizzeria

SAN MARTÍN
desde 1994

Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10
36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com

Telf.: 986 640 211
Móvil: 629 614 508